

RESOLUCIÓN REITORAL DE 10 DE FEBREIRO DE 2017 DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA SICUE DE MOBILIDADE ESTUDANTIL PARA O CURSO 2017/2018

O **programa SICUE** (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españois) permite ao estudiantado das universidades españolas a realización dunha parte dos seus estudos noutra universidade española distinta da súa con garantías de recoñecemento académico e aproveitamento, así como de adecuación ao seu perfil curricular.

Para iso, a Universidade de Vigo estableceu diversos **acordos bilaterais** co resto de universidades españolas, para determinar os centros, titulacións, oferta de prazas e duración das mesmas a incluír no programa SICUE. O alumnado só poderá solicitar prazas correspondentes á súa titulación e para o seu centro.

A praza de mobilidade SICUE **non dá dereito a axuda económica**. O alumnado deberá ter en conta que, segundo a nota aclaratoria sobre a convocatoria das bolsas Séneca publicada na web do Ministerio de Educación Cultura e Deporte, os orzamentos non contemplan unha posible convocatoria.

Por todo o anteriormente exposto,

ESTA REITORÍA RESOLVE

Convocar o programa SICUE de mobilidade estudiantil para o curso académico 2017/2018, de acordo coas seguintes normas:

1.- REQUISITOS A CUMPRIR PARA SOLICITAR INTERCAMBIO.

Para a presentación dunha solicitude de intercambio SICUE deberán cumprirse **simultaneamente** as seguintes condicións:

- ✓ Ter formalizada a matrícula, ao fin do prazo de presentación de solicitudes, dun mínimo de **30 créditos ECTS no curso 2016/2017** nunha titulación oficial de Grao da Universidade de Vigo.
- ✓ Ter **superados, a 30 de setembro de 2016, un mínimo de 45 créditos ECTS** na mesma titulación.
- ✓ Non ter arquivada a matrícula ou suspendidos os dereitos como estudante da universidade.

O alumnado que non cumpra estes requisitos, quedará excluído e non entrará na fase de valoración do seu expediente académico.

2.- CONDICIÓN DO INTERCAMBIO SICUE

1. A estadía na universidade de destino terá unha duración mínima de medio curso académico e máxima de un curso completo debendo cumprirse, en cada caso, os seguintes requisitos:
 - a) Estadías de curso completo: deberán cursarse un mínimo de 45 créditos ECTS na universidade de destino

- b) Estadías de medio curso: deberán cursarse un mínimo de 24 créditos
- c) Admitiranse excepcionalmente aqueles convenios que xa estiveran asinados con duración distinta (3, 4 ou 6 meses). Poderase consultar na aplicación de solicitude o listado de prazas que se ofertan para cada centro e titulación da Uvigo, con información sobre o número de prazas dispoñibles e a súa duración.
- d) No caso de alumnado ao que lle reste para finalizar os estudos menos créditos que o mínimo esixido anteriormente, poderá optar ao intercambio igualmente se cumpre o resto de requisitos citados na norma Primeira desta convocatoria.
2. Sempre e cando non contraveña a normativa interna da universidade de orixe e o coordinador académico da dita universidade así o autorice, poderase incluír no acordo académico, como máximo, unha materia cualificada como suspensa con anterioridade.
 3. En caso de que o alumno desexe incluír no intercambio SICUE unha materia, como máximo, que non se atope na titulación obxecto do acordo académico, poderá cursala en titulacións afíns coas que non haxa acordo, previa autorización de todos os coordinadores da universidade de destino implicados, limitando dita posibilidade de matriculación a unha materia como máximo
 4. O alumnado poderá cursar materias nas dúas universidades, mentres dure o intercambio.
 5. O número de convocatorias ás que ten dereito o alumnado nas materias do intercambio, serán as que se levan a cabo na universidade de destino adxudicada, para esa materia e curso académico. Poderanse cursar materias optativas do plan de estudos da universidade de destino, non incluídas no plan de estudos da Universidade de Vigo, as cales serán incorporadas no expediente como optativas.
 6. A mobilidade do alumnado, unha vez adxudicada a praza na universidade de destino, estará baseada no Acordo académico, que terá que ser aceptado e asinado polas tres partes implicadas (alumno, Universidade de Vigo e Universidade de destino). Este documento describirá a actividade a realizar polo estudantado beneficiario do programa SICUE na universidade de destino e será recoñecida automaticamente polo centro de orixe. Terá carácter oficial de contrato vinculante para os asinantes e só poderá ser modificado no prazo de un mes dende a incorporación do estudantado beneficiario ao centro de destino.
 7. No Acordo académico constará especificada a duración concreta da estadía, segundo o determinado nos acordos bilaterais asinados entre a Universidade de Vigo e a de destino. Non obstante, cando a praza obtida polo alumno corresponda a unha estadía de un curso completo, poderán autorizarse acordos académicos para estadías de medio curso, sempre e cando estean de acordo os coordinadores da universidade de orixe e destino. Tamén á inversa, cando a praza obtida polo alumno corresponda a unha estadía de medio curso, poderán autorizarse contratos de estudos para estadías de curso completo, sempre que ambos coordinadores dean o seu visto e prace.
 8. Un mesmo beneficiario non poderá obter máis dun intercambio SICUE na mesma universidade, nin máis de un en cada curso académico.
 9. Quedan excluídos do programa de mobilidade SICUE os plans de estudo de máster e doutoramento

3.- . PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

O prazo de presentación de solicitudes será do **10 de febreiro ao 10 de marzo de 2017**.

O estudiantado interesado en participar nesta convocatoria, deberá cubrir o formulario que se atopa na súa Secretaría Virtual no prazo citado anteriormente.

Unha vez finalizado o período de presentación de solicitudes, non se admitirán cambios nas opcións de intercambio indicadas no mesmo

4.- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES E PROCESO DE ADXUDICACIÓN

✓ 1º PASO) LISTAXES DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o servizo administrativo correspondente examinará as mesmas para comprobar que compren os requisitos citados nas normas anteriores.

Así mesmo, será enviado ao Coordinador SICUE de cada un dos centros un listado dos alumnos do seu centro que solicitaron praza SICUE a fin de que lle de o visto e prace a cada unha das solicitudes. As solicitudes que non reciban o visto e prace do coordinador, serán excluídas do proceso selectivo.

Ao fin da revisión, será publicada a listaxe provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo.

O estudiantado que figure na listaxe de excluídos, disporá de un prazo de **5 días hábiles** dende a publicación de dito listado, para corrixir os defectos da súa solicitude ou alegar contra as súas causas de exclusión. Transcorrido este prazo e revisadas as alegacións, será publicada a Resolución definitiva de admitidos e excluídos.

O estudiantado que figure na listaxe definitiva de admitidos, será o que entre no proceso selectivo final.

✓ 2º PASO) PROCESO SELECTIVO

A selección de candidatos será levada a cabo en función da nota media de cualificación da titulación na que estea matriculado no curso 16/17. Para o cálculo das notas medias, teranse en conta as cualificacións obtidas ata o 30 de setembro de 2016.

Terase en conta unicamente a cualificación obtida na última convocatoria salvo o NON PRESENTADO que non computará no numerador nin no denominador. A nota media do expediente académico de cada alumno se calculará de acordo á seguinte fórmula: suma dos créditos CUALIFICADOS (isto é, créditos superados con calquera cualificación e créditos suspensos) ao alumno multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións obtidas en escala 0 a 10 e dividida polo número de créditos totais CUALIFICADOS AO ALUMNO. Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos non serán cualificados numericamente nin computarán a efectos de cómputo da media do expediente académico.

Para as materias adaptadas se computará a cualificación obtida no centro de procedencia e o recoñecemento de créditos no que non exista cualificación non se terá en conta a efectos de ponderación.

Naqueles casos en que nun expediente non figure, en todas ou algunhas das materias, a cualificación numérica recollida no baremo do artigo 5.4 do R.D. 1125/2003, a cualificación cualitativa da materia se converterá en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

Matrícula de honra	10,00 puntos
Sobresánte	9,00 puntos
Notable	7,50 puntos
Aprobado	5,50 puntos

Suspenseo

2,50 puntos

O procedemento de adxudicación de prazas farase por orde de puntuación, non puidéndose adxudicar máis prazas que as aceptadas nos convenios bilaterais establecidos para cada universidade.

No caso de empate na puntuación terá prioridade o alumno con maior número de créditos con matrícula de honor. De continuar o empate prevalecerán como criterios de prioridade o menor número de créditos suspensos e o maior número de créditos superados, nese orde. Para o cálculo das notas medias teranse en conta as cualificacións obtidas ata o 30 de setembro de 2016

✓ 3º PASO) RESOLUCIÓNS DE CONCESIÓN E RECLAMACIÓNS

Unha vez efectuada a selección, o **27 de abril** serán publicadas, mediante resolución da Vicerreitoría de Estudantes, **as listaxes provisionais de adxudicación** das prazas de mobilidade, tanto nos rexistros xeral e auxiliares da Uvigo como na páxina web de SICUE e na Secretaría Virtual do Estudante

Unha vez publicada a citada relación provisional abrirase un **prazo de reclamacións de 10 días hábiles dende dita publicación**. O interesado poderá reclamar ante o mesmo órgano que a ditou cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se cometera un erro a causa da interpretación equivocada dos documentos aportados ou da valoración do seu expediente académico.
- Que aparezan ou se aporten novos documentos de valor esencial para a resolución.
- Que na resolución influíran documentos de dubidosa validez.
- Outras circunstancias debidamente xustificadas

Transcorrido o prazo de reclamación procederase á publicación das **listaxes definitivas** nos mesmos lugares de publicación das listaxes provisionais, e non se admitirán cambios nos destinos adxudicados.

Quen reúna os requisitos e non obteña praza de mobilidade SICUE formará parte das listaxes de agarda, á espera de producirse algunha renuncia nos prazos indicados na norma quinta.

5.- . PRAZOS DE ACEPTACIÓN E RENUNCIA. PENALIZACIÓNS

Unha vez comunicada a concesión definitiva da praza, o alumno terá un prazo para aceptar a praza ou renunciar á mesma. Este prazo, así coma outras instrucións correspondentes á renuncia, funcionamento das listas de agarda..., serán publicadas na páxina web do SIOPE ao longo do mes de abril, nun documento de desenvolvemento desta convocatoria. A solicitude por parte do alumnado de praza neste programa implicará a obriga de cumprir as instrucións contidas no citado documento.

7- . OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

✓ Antes de irse de intercambio, o alumnado deberá:

- Ata o 15 de setembro de 2017 (mobilidade no primeiro cuadrimestre e anuais) e ata o 31 de outubro (mobilidade no segundo cuadrimestre): cubrir **por triplicado** o acordo académico e recabar a sinatura do coordinadora ou

coordinador SICUE e pola decana ou decano ou directora ou director do seu centro

- No prazo e polo procedemento indicado na convocatoria de matrícula
Matricularse na Universidade de Vigo para o curso 2017/2018.

✓ **Na universidade de destino o alumnado deberá:**

- Na semana de chegada á universidade adxudicada
 - Cubrir o modelo: “**certificado de incorporación**” que estará publicado na web de SICUE, pasalo á firma do coordinador SICUE na súa Universidade de destino e devolveo, escaneado á dirección siope@uvigo.es.
- Nun prazo non superior a 40 días dende a data da súa incorporación:
 - Conseguir a sinatura do Coordinador e Decano/Director do centro de destino adxudicado nos tres orixinais do acordo académico antes de efectuar a matrícula na universidade de destino. Un dos tres exemplares firmados será devolto á Universidade de Vigo.
 - A continuación o alumnado debe dirixirse á Unidade administrativa no seu centro de destino para facer a correspondente matrícula. **As taxas de matrícula serán aboadas exclusivamente na Universidade de Vigo.**

Durante a duración do programa de intercambio, as e os estudantes serán alumnas ou alumnos do centro de orixe a todos os efectos, tendo os dereitos académicos e obrigas dos alumnos do centro de destino.

8- . ÁMBITO DE APLICACIÓN E NORMATIVA APLICABLE

Ademais da presente convocatoria, será de aplicación a normativa SICUE para o presente curso 16/17 emitida pola CRUE. Para todo o non contemplado nesta convocatoria, a Vicerreitoría de Estudantes poderá establecer medidas de desenvolvemento aplicable, obrigas adicionais aos beneficiarios da mesma ou medidas de supervisión ao longo do prazo da mobilidade.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vigo, 10 de febreiro de 2017
O REITOR,

Salustiano Mato de la Iglesia